

CONVOCATORIA DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN COMPLEMENTARIA NOS DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS, NOS CENTROS, ÁREAS E UNIDADES UNIVERSITARIAS, CURSO 2025-26

A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander (BS) convocan bolsas de colaboración para formación complementaria para o alumnado de grao dos centros propios da UDC, nos departamentos universitarios, nos centros e nas áreas e unidades universitarias que figuran no Anexo I e Anexo II desta resolución.

ARTIGO 1. OBXECTO DAS BOLSAS

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación das **81 bolsas** de colaboración que figuran no Anexo I e Anexo II, co fin de favorecer a formación complementaria do alumnado matriculado nun centro propio da UDC en estudos conducentes á obtención dun título oficial de grao, mediante a realización de actividades formativas.

ARTIGO 2. ORZAMENTO

A dotación total das bolsas será de 98.820,00 € con cargo á partida orzamentaria 03.0A.25.00.05 422D 480.00 do exercicio de 2026, condicionada a existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento para o exercicio 2026, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

ARTIGO 3. CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da bolsa será de 240.-€ mensuais, ao que se lle aplicará as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, descontarase deste importe a cotización da Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A duración destas bolsas será o período comprendido entre o 01.02.2026 e o 31.05.2026, cunha dedicación de 8 horas semanais, sen que o tempo de dedicación diaria poida exceder de 4 horas.

O horario concertarase coa persoa titora tendo en conta a ocupación lectiva da persoa adxudicataria.

ARTIGO 4. REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:



1. Estar matriculadas na UDC e ao corrente do pagamento no curso 2025-26, en estudos oficiais de grao dos centros propios.
2. Ter superado o 30 % dos créditos en actas confirmadas, na titulación onde estean matriculadas á data de finalización do prazo de solicitude da bolsa.
3. Non percibir ningunha axuda económica/bolsa incompatible.
4. Estas bolsas son incompatibles coas bolsas de colaboración do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e con calquera outra bolsa de colaboración para o mesmo fin.
5. Estas bolsas serán incompatibles coa realización dalgunha actividade retribuída e coa percepción de prestación por desemprego cando estas supoñan a percepción dunha cantidade superior ao trinta por cento do salario mínimo interprofesional (30 % SMI), durante o período de realización da bolsa. Para estes efectos, poderáselle solicitar á persoa interesada unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de renda.
6. Estas bolsas son compatibles coas bolsas de carácter xeral do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes; da Administración Autonómica e coas bolsas e axudas convocadas pola UDC: Residencias, Comedor, Dificultades económicas e Santander Axuda Económica.
7. A obtención simultánea dunha bolsa convocada por esta resolución con algunha axuda/bolsa incompatible, será causa de reintegro das cantidades percibidas.
8. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de inicio do goce da bolsa.
9. Os/as bolseiros/as de colaboración deberán manter a condición de estudantes de grao da UDC, durante o período completo da duración da bolsa e non participar nun programa de mobilidade.
10. A perda da condición de estudante dunha titulación de grao da UDC, suporá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
11. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que:
 - Gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.
 - Participe nun programa de mobilidade nacional/internacional no curso 2025/26
12. No caso das bolsas de colaboración en departamentos que se indican no Anexo I, o departamento solicitado terá que impartir docencia na titulación de Grao en que está matriculada a persoa solicitante.



13. No caso das bolsas de colaboración nos centros propios, áreas e unidades universitarias, a persoa solicitante deberá cumprir os requisitos específicos que se indican no Anexo II, se os houber.

14. En todo caso, o itinerario académico do solicitante deberá gardar relación coas tarefas a realizar descritas no plan formativo.

Os plans formativos asociados a cada bolsa están dispoñibles para a súa consulta no seguinte enderezo web:

https://www.udc.es/gl/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-colaboracion-udc/

15. A bolsa é persoal e intransferible, non se permiten permutas entre o alumnado adxudicatario da bolsa.

ARTIGO 5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

O procedemento é integramente telemático, e deberá empregarse o enderezo de correo institucional da UDC.

É obrigatorio facer a inscrición a través de dúas plataformas:

- UDC: a través da seguinte ligazón <https://bolsas.udc.es/>

No momento da solicitude deberá cubrir unha *Declaración de responsabilidade* de que cumpre todos os requisitos establecidos nesta convocatoria.

A persoa solicitante só poderá presentar a súa candidatura a un total de 4 bolsas, indistintamente, tanto sexan de departamentos como de centros propios, áreas ou unidades, por orde de preferencia vinculante, nas que cumpran os requisitos establecidos nos Anexos.

No caso de exceder ese número, quedarán anuladas todas as solicitudes presentadas.

No caso de solicitar algunha bolsa na que non se cumpra o requisito específico, se o houbera, a persoa solicitante quedará excluída do conxunto de bolsas solicitadas, debendo corrixir a súa solicitude no período de reclamacións que se indicará na listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas.

Poderá modificarse a solicitude e a prioridade das bolsas antes do fin do prazo de solicitudes.

- Banco Santander na lizagón:

<http://app.santanderopenacademy.com/program/becas-colaboracion-formacion-complementaria-udc-25-26>

e na que deberá incluír o código de referencia que reciba no correo electrónico tras realizar a solicitude na aplicación da UDC. O rexistro nesta aplicación e o código xerado pola aplicación da UDC, son únicos con independencia das bolsas solicitadas no punto 1.

ARTIGO 6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno:



https://www.udc.es/gl/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estables/index.html

Vicerreitoras

- Lombardía Cortiña, María José (presidenta)
- López Villar, Cristina
- Naya Riveiro, Cristina

Profesorado

- Busto Lago, José Manuel
- Castro Souto, Laura Milagros
- Romero Gómez, Manuel

Representantes do estudantado

- Blanco Ameijenda, Francisco Enrique
- Sueiro Méndez, Laura

Representantes do persoal de administración e servizos

- Cantarero Roldán, Alicia

A Comisión de Selección está facultada para resolver calquera dúbida relacionada coa convocatoria.

ARTIGO 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O criterio de avaliación será o expediente académico, tendo en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), ao remate do curso 2024-2025.

A valoración será ponderada sobre 10. As notas medias de ensinanzas técnicas multiplicaranse polo coeficiente 1,17.

ARTIGO 8. PUBLICACIÓN DE LISTAXE PROVISIONAL E RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (TEO) unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e abrirase un prazo de 4 días hábiles que conta a partir do día seguinte ao da publicación, para corrixir a solicitude ou presentar reclamación e/ou achegar a documentación requirida, segundo o motivo da exclusión.

Posteriormente publicarase no TEO a resolución coa listaxe definitiva de persoas adxudicatarias das bolsas e a listaxe de agarda.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o reitor no prazo dun mes.

ARTIGO 9. OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA



No caso das bolsas con varias persoas adxudicatarias e varios plans formativos, as persoas adxudicatarias poderán elixir o plan formativo respectando a orde de puntuación acadada na adxudicación.

En calquera caso, a persoa bolseira, despois de tramitar a súa aceptación da bolsa, poñerase en contacto coa persoa titora para os efectos de establecer os horarios, respectando as limitacións desta convocatoria.

A persoa bolseira comprométese a realizar as accións formativas seguindo as indicacións da persoa titora.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolseira comprométese a presentarlle á persoa responsable da súa titorización unha memoria asinada das actividades formativas realizadas para a súa conformidade, do 15 o 31 de maio de 2026.

O alumnado que renuncie á bolsa, debe presentar a memoria no prazo de cinco días hábiles seguintes á data da renuncia. O incumprimento desta obriga suporá o reintegro das cantidades percibidas.

O orixinal da memoria quedará custodiado no departamento, centro ou unidade en que se desenvolva a bolsa. A persoa titora enviará un arquivo en *.pdf* da dita memoria, coa súa conformidade, ao Servizo de Estudantes-Sección de bolsas ao enderezo: bolsas.formacion@udc.gal

ARTIGO 10. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

Coa aceptación da bolsa, a persoa interesada comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria e na Resolución definitiva de adxudicación das bolsas.

O prazo será desde o día seguinte á publicación da resolución de adxudicación das bolsas no TEO ata as 23:00 horas do día 8 de xaneiro de 2026.

A presentación da documentación necesaria para formalizar a aceptación, realizarase telemáticamente segundo se indique na Resolución definitiva de adxudicación das bolsas.

Para a aceptación, a persoa interesada con bolsa adxudicada, deberá presentar os seguintes documentos asinados:

- [Impreso de aceptación](#)
- [Impreso de alta de persoal](#)
- Documento Nacional de Identidade (DNI/NIE)

Os impresos están dispoñibles na seguinte ligazón:

https://www.udc.es/es/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-colaboracion-udc/impresos/

Ademais, dentro do prazo indicado para a aceptación, as persoas adxudicatarias deberán:



- Solicitar a alta dunha conta bancaria do Banco Santander, onde desexen que se realicen os ingresos pertinentes, a través da Sede Electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica ou de “alta/baixa/modificación terceiros”. Poden acceder directamente desde a ligazón:

https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/start

Durante o proceso deberán achegar un documento xustificativo do número de conta para a alta e outro arquivo con copia do seu documento de identificación (DNI ou NIE).

Se no prazo establecido non se recibise a aceptación da persoa adxudicataria, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda que, por renuncia das persoas adxudicatarias tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, realizaranse a través da conta de correo electrónico da UDC, indicada na solicitude, con confirmación de entrega e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante o procedemento descrito anteriormente.

No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncian.

Todas as baixas que se produciren antes do 01.03.2026 serán substituídas pola seguinte persoa da listaxe de agarda.

As persoas bolseiras poderán renunciar en calquera momento á bolsa de colaboración que veñan gozando. Para formalizar a súa renuncia, deberán facelo por escrito cunha antelación mínima de 15 días naturais á data de baixa, agás causas de forza maior. Isto permitirá a adxudicación da dita bolsa, e polo resto da súa vixencia, á persoa solicitante que no proceso selectivo obtivera a seguinte mellor puntuación e non lle fora adxudicada outra bolsa ao amparo desta convocatoria.

Se iniciou o período de goce da bolsa, a renuncia suporá a supresión das percepcións económicas inherentes a ela desde a data en que a renuncia sexa efectiva.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do *Regulamento de bolsas de colaboración para formación na Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 31.05.2016*:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2016/000500

Calquera dúbida relacionada con esta convocatoria pódese consultar a través do correo electrónico: bolsas.formacion@udc.gal.

ARTIGO 11. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será desde o día hábil seguinte á publicación desta convocatoria no TEO da Universidade da Coruña ata as 23:00 horas do día 1 de decembro de 2025.

ARTIGO 12. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (“Regulamento Xeral de Protección de Datos”



ou RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dunha bolsa, ao abeiro do Regulamento de bolsas de colaboración para formación complementaria na Universidade da Coruña, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalguna das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. A persoa interesada, se resultase adxudicataria dunha bolsa e a aceptase, consente expresamente a transmisión da dirección da súa conta de correo electrónico asignada pola UDC ao Banco Santander, calquera outro dato non será transmitido a terceiros, a menos que exista consentimento previo da persoa interesada ou base legal para esa transmisión. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderaos exercer:

- Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado *Outros trámites*;
- Mediante unha solicitude ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), no enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, ou no correo electrónico rpd@udc.gal; tamén poderá presentarse a solicitude a través do rexistro telemático da Sede electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- Mediante unha solicitude á persoa delegada de Protección de Datos, no mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou no correo electrónico dpd@udc.gal; tamén se poderá

presentar a solicitude a través del rexistro telemático da citada Sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos nos artigos 44 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data que se indica na sinatura dixital

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

M^a José Lombardía Cortiña

ANEXO I

DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS - 1 BOLSAS POR DEPARTAMENTO

O departamento solicitado terá que impartir docencia na titulación de Grao en que está matriculada a persoa solicitante.

DEPARTAMENTO	CENTRO / CAMPUS	HORARIO
CAMPUS CORUÑA		
Bioloxía	Facultade de Ciencias	Partido mañá e tarde
Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Ciencias da Comunicación	Partido mañá e tarde
Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña	ETS de Náutica e Máquinas	Tarde
Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas	ETS de Enxeñaría de Camiños, canais e Portos	Mañá
Dereito Privado	Facultade de Dereito	Mañá
Dereito Público	Facultade de Dereito	Mañá

DEPARTAMENTO	CENTRO / CAMPUS	HORARIO
Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	Facultade de Ciencias da Educación	Partido mañá e tarde
Economía	Facultade de Economía e Empresa	Mañá
Educación Física e Deportiva	Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	Partido mañá e tarde
Empresa	Facultade de Economía e Empresa	Mañá
Enxeñaría Civil	ETS Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	Partido mañá e tarde
Enxeñaría de Computadores	Facultade de Informática	Partido mañá e tarde
Expresión Gráfica Arquitectónica	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Partido mañá e tarde
Física e Ciencias da Terra	Facultade de Ciencias	Partido mañá e tarde
Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas	Facultade de Fisioterapia	Partido mañá e tarde
Letras	Facultade de Filoloxía	Partido mañá e tarde
Pedagogía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	Mañá
Psicoloxía	Facultade de Ciencias da Educación	Mañá
Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Partido mañá e tarde

DEPARTAMENTO	CENTRO / CAMPUS	HORARIO
Química	Facultade de Ciencias	Mañá
CAMPUS FERROL		
Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermería e Podoloxía	Partido mañá e tarde
Enxeñaría Industrial	Escola Politécnica de Enxeñaría	Partido mañá e tarde
Enxeñaría Naval e Industrial	Escola Politécnica de Enxeñaría	Mañá

ANEXO II
CENTROS - ÁREAS - UNIDADES

ÁREAS			
CAMPUS A CORUÑA	REQUISITOS	BOLSAS	HORARIO
Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) Campus Elviña	Requisitos xerais	1	Partido mañá e tarde
Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE- Unidade de Teleformación)	Estar matriculado/a en 3º ou 4º curso do Grao en Comunicación Audiovisual.	1	Mañá
CULTURA – Facultade de Filoloxía	Estar matriculado nun grao da Facultade de Filoloxía	1	Partido mañá e tarde
Espazo Compartido – ETS Enxeñaría de Camións	Requisitos xerais	1	Mañá
Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) - Facultade de Socioloxía	Requisitos xerais	1	Mañá
Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) Campus Elviña	Requisitos xerais	1	Mañá

ODS – Green Campus	Estar matriculado/a nun grao no Centro do que se solicita bolsa: • ETS de Arquitectura • EU de Arquitectura Técnica • ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos • Facultade de Ciencias • Facultade de Socioloxía e Facultade de Ciencias da Comunicación • Facultade de Ciencias da Educación • Facultade de Ciencias da Saúde • Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física • Facultade de Dereito • Facultade de Economía e Empresa • Facultade de Fisioterapia • Facultade de Informática • ETS Náutica e Máquinas	13 UNHA BOLSA para cada centro	Mañá e tarde
Oficina de Relacións Internacionais (ORI) – Campus Elviña	Alumnado matriculado nalgún grao da Facultade de Informática con coñecementos de inglés (B2 ou superior)	1	Mañá
Servizo de Apoio á Investigación (SAI)	Alumnado matriculado nalgún Grao da Facultade de Informática	1	Mañá
Servizo de Publicacións - Campus Elviña	Alumnado matriculado en 3º ou 4º curso en graos da Facultade de Filoloxía, no Grao en Comunicación	1	Mañá

	Audiovisual ou no Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación.		
Unidade de Atención á Comunidade Universitaria LGTBIQ+ - Campus Elviña	Requisitos xerais	1	Mañá
UDC Saudable - Campus Riazor	Requisitos xerais	2	Partido mañá e tarde
Unidade de Emprego	Alumnado matriculado no 3º ou 4º curso do Grao en Enxeñaría Informática, Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos, Grao en Intelixencia Artificial, Grao en Comunicación Audiovisual ou Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos.	1	Mañá
CAMPUS FERROL-ESTEIRO	REQUISITOS	BOLSAS	HORARIO
Campus Industrial	Matriculado/a en: - Grao en Xestión Dixital da Información e Documentación - Grao en Relacións Internacionais - Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	1	Mañá
ODS/Green Campus	Matriculado nun grao do Campus de Ferrol	2	Mañá e tarde

Clínica Universitaria de Podoloxía	Estar matriculado/a en 3º ou 4º do Grao en Podoloxía	1	Mañá
Oficina de Igualdade de Xénero (OIX)	Valoraranse nas persoas candidatas coñecementos básicos de deseño e comunicación en RRSS. O horario das tarefas da/o bolseira/o será preferentemente de mañá.	1	Mañá
Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar	Requisitos xerais	1	Tarde

LABORATORIOS

CAMPUS A CORUÑA	REQUISITOS	BOLSAS	HORARIO
ETS de Arquitectura	Ter superados 120 ECTS dos estudos en Grao en Arquitectura	2	Partido mañá e tarde
ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	Requisitos xerais	2	Mañá
Escola Universitaria de Arquitectura Técnica	Estar matriculado no Grao en Arquitectura Técnica	2	Mañá
Facultade de Ciencias	Estar matriculado nun grao da Facultade de Ciencias	1	Mañá
Facultade de Ciencias da Comunicación	Estar matriculado/a nalgún Grao da Facultade de Ciencias da Comunicación	3	Partido mañá e tarde
Facultade de Ciencias da Saúde	Estar matriculado/a no Grao en Terapia Ocupacional	2	Partido mañá e tarde

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	Estudantes do grao en CC da Actividade Física e Deportiva	1	Partido mañá e tarde
Facultade de Informática	Estar matriculado/a nu grao da Facultade de Informática	1	Mañá
Facultade de Fisioterapia	Estar matriculado/a no Grao en Fisioterapia	2	Partido mañá e tarde
CAMPUS FERROL	REQUISITOS	BOLSAS	HORARIO
Escola Universitaria de Deseño Industrial	Requisitos xerais	3	Partido mañá e tarde
Escola Politécnica de Enxeñaría	Estar matriculado/a en graos da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF)	2	Partido Mañá e tarde
Facultade de Enfermaría e Podoloxía	Estar matriculado/a no Grao en Enfermaría (Ferrol)	1	Partido mañá e tarde
	Estar matriculado/a no Grao en Podoloxía	1	Tarde

BIBLIOTECAS			
CAMPUS A CORUÑA	REQUISITOS	BOLSAS	HORARIO
Biblioteca da Escola Técnica Superior de Arquitectura	Ter coñecementos e destrezas básicas dentro da área de arquitectura.	1	Mañá
Biblioteca da Facultade de Filoloxía	Requisitos xerais	1	Mañá e tarde

CAMPUS FERROL	REQUISITOS	BOLSAS	HORARIO
Biblioteca Casa Do Patín (Facultade de Humanidades e Documentación)	Alumnado matriculado no 4º curso da Facultade de Ciencias do Traballo, da Facultade de Enfermaría e Podoloxía, da Facultade de Humanidades ou da Escola Universitaria de Deseño Industrial	1	Tarde